



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 671

V lexislatura

19 de xaneiro de 2001

SUMARIO

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

2.2. MOCIÓN DE CENSURA

—Moción de censura, presentada por 14 deputados e 4 deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para esixi-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Xosé Manuel Beiras Torrado como candidato á presidencia da Xunta de Galicia (núm. 17.546). 28.194

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

2.2. MOCIÓN DE CENSURA

Moción de censura, presentada por 14 deputados e 4 deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para esixi-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Xosé Manuel Beiras Torrado como candidato á presidencia da Xunta de Galicia (núm. 17.546).

Presidencia

En execución do acordo adoptado pola Mesa o día 18 de xaneiro de 2000 e para cumpri-lo disposto no artigo 138.2, en concordancia co artigo 65 do Regulamento da Cámara, ordeno a publicación da moción de censura, presentada por 14 deputados e 4 deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para esixi-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Xosé Manuel Beiras Torrado como candidato á presidencia da Xunta de Galicia (doc. núm. 17.546).

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2001

José María García Leira

Presidente

Á Mesa do Parlamento

A moción de censura é unha figura que, dentro da actividade democrática parlamentaria, está orientada á remoción do titular do poder executivo investido pola Cámara de representantes e do seu Goberno, por iniciativa do grupo ou grupos de deputados que consideren crítica a situación de perda de confianza na capacidade de acción e xestión políticas do Goberno e esgotados outros expedientes utilizables para reconducir-la situación mediante iniciativas de impulso e control do Executivo, ou de diálogo e negociación intraparlamentaria. É unha forma de esixirlle responsabilidades políticas ó presidente do Goberno que só debe ser empregada con esa finalidade e cando os procedementos ordinarios se revelan ineficaces ou inútiles, ou ben inversibles ante a gravidade da situación creada pola actuación ou a situación políticas do Executivo.

Nalgunhas variedades de réximes parlamentaristas, a moción de censura é incondicionada: cínquese á censura propiamente dita e, se prospera, leva aparellada ó cesamento do presidente do Executivo e do seu Goberno a subseguinte apertura dun proceso de negociación encamiñada á substitución destes pola Cámara de representantes e, ó cabo, se non se atinxe ese resultado nun prazo establecido, coa investidura dun novo titular do Executivo, á convocatoria de novas eleccións lexislativas.

No marco xurídico-político establecido pola Constitución vixente no Estado español e mais polo Estatuto de Galicia para a nosa Comunidade Autónoma, a figura da moción de censura non é incondicionada, senón que require a presentación dun candidato alternativo á presidencia da Xunta. Así resulta que o proceso parlamentario que se abre dese xeito combina, en unicidade de acto, dúas figuras conceptualmente distintas e con finalidade política diferenciada: a censura propiamente dita a un presidente de Goberno e maila investidura dun presidente alternativo.

Nestas condicións, a eventual existencia dunha maioría absoluta que apoie maquinalmente a un Goberno, por desastrosa que poida chegar a se-la actuación política deste, sitúa nunha encrucillada dilemática a calquera grupo de deputados que considere necesario censura-lo Executivo sen pretender pola mesma presentar un simultáneo debate de investidura alternativa.

Se os deputados e deputadas asinantes desta iniciativa deciden recorrer á presentación dunha moción de censura, é porque consideran que é o único procedemento que aínda lles resta para exercer en alicuota de poder que lles conferiron os seus electores dentro desta Cámara de representantes para defenderen de maneira efectiva os dereitos e intereses dos cidadáns fronte á actuación do actual presidente da Xunta e do seu Goberno, e mesmo para reivindicaren na práctica institucional o rol sobranceiro que o marco constitucional e estatutario vixente lle atribúe a este Parlamento dentro da xerarquía de institucións políticas da nosa Comunidade Autónoma, reiteradamente menoscabado pola actuación do poder executivo e do seu actual presidente. Polo tanto, os asinantes optan por darlles primacía ó obxectivo de “esixir responsa-

bilidades políticas” ó actual poder executivo, explicitado nas normas legais vixentes, e mais á función democrática exemplarizante que unha moción de censura ten por si mesma nunha situación política como a que está a padece-la cidadanía galega.

O Grupo Parlamentario do BNG, en congruencia co discurso e a práctica política do propio Bloque Nacionalista Galego, leva insistido sempre, e nomeadamente ó longo de toda a actual lexislatura, en defende-lo rango e o rol sobranceiros que lle corresponden a este Parlamento como encarnación do poder lexislativo e Cámara de representación plural da cidadanía que posúe ese poder, fronte á deriva cada vez máis alarmante seguida pola Xunta e o seu presidente nunha liña de actuación política e de utilización do poder executivo que mediatiza e ata manipula a institución parlamentaria ó seu antollo, mediante un uso abusivo da súa maioría que reduce á virtual inexistencia a vontade dos cidadáns que non votaron o grupo maioritario e polo tanto áchanse excluídos do feito de participaren e contribuíren á formación da vontade e á toma de decisións do conxunto da Cámara de representantes. Leva denunciado reiteradamente a elusión ou a fáctica invalidación dos mecanismos e procedementos de impulso e de control dos que legal e formalmente dispón o Parlamento para que a Xunta responda politicamente de xeito efectivo da súa práctica de goberno perante a Cámara, e mais para a rectificación de graves erros, nuns casos, ou de flagrantes incumprimentos de compromisos, noutros, cometidos polo actual Goberno autónomo en prexuízo de diversos segmentos da cidadanía, atinxidos negativamente sexa nos seus intereses e o seu benestar económicos, sexa nos seus dereitos e situación laboral, for nos valores do benestar social, ou quer nos bens do ensino, a cultura e a saúde, ou mesmo nos seus dereitos e liberdades cívicas como cidadáns que non queren ser reducidos á condición de súbditos. Leva así mesmo consagrado tódolos seus esforzos posibles a unha actuación positiva e constructiva dentro e fóra da Cámara, postulando e practicando o diálogo, o raciocinio e a lealdade política cos cidadáns e institucións en toda a medida das súas posibilidades. Lamentablemente, viuse forzado a chegar á conclusión de que, ata agora, todo ese esforzo na súa actuación parlamentaria ten resultado inútil ante a actitude dunha Xunta e o seu presidente que non atenden a razóns, non escoitan a ningún máis que a si mesmos e ignoran despectivamente

te as demandas dos cidadáns atinxidos por graves problemas que se acumulan sucesivamente sen que ningún deles sexa resolto. Un presidente e unha Xunta que acaban por converter nun penoso e patético espectáculo de ineptitude o que debera ser unha acción de goberno merecente de tal nome.

Eis, mesmamente, a primordial razón substantiva de decidirmos presentar esta iniciativa, de recorrer-mos á figura excepcional da moción de censura: a convicción de que estamos ante unha situación de excepción, de excepcional inoperancia e ineptitude do Goberno da Xunta e de excepcional soberbia do poder do seu actual presidente na súa actitude respecto dos cidadáns que nos elixiron como representantes seus neste Parlamento.

No último debate de política xeral que tivo lugar nesta Cámara —máis coñecido como debate do estado da Autonomía— en outubro do pasado ano 2000, o portavoz do Grupo Parlamentario do BNG fixo unha análise da situación de Galicia nesa altura e no contexto político do seu contorno, un balance crítico de resultados da acción dos sucesivos gobernos do actual presidente da Xunta no último decenio e nomeadamente na actual lexislatura, unha revisión dos primordiais problemas pendentes de solución ou mesmo de tratamento polo actual Goberno, e mais unha democrática denuncia da actitude política e institucional do presidente do Executivo galego. Mais tamén fixo unha mención do constante labor de achega de alternativas en positivo por parte do BNG para encarar eses problemas; tamén reiterou o encomio da dignidade e o respecto das diversas institucións que vertebran a Comunidade Autónoma galega; tamén reafirmou a vontade de colaboración democrática a prol da gobernabilidade, é dicir, dunha acción de goberno asisada e axustada ás necesidades dos diferentes sectores da cidadanía; e tamén explicitou un ofrecemento de diálogo institucional, a súa dispoñibilidade a dialogar co presidente da Xunta verbo dos problemas que padecen os cidadáns, coa única condición de que ese diálogo empezase por practicarse neste Parlamento, en congruencia coa índole xenuína desta institución.

Dende aquela ata hoxe, os problemas multiplicáronse. Se, por rememorar só algúns, daquela os cidadáns estaban a padecer, sen acaída resposta activa da Xunta, graves problemas no sector lácteo, no sector

pesqueiro, no comercio, na política enerxética, nos carburantes, na ordenación territorial, no ferrocarril, na rede viaria, na desertización rural, na precarización do emprego, nos niveis de ingresos salariais, no ensino secundario ou nos que traducen uns indicadores de benestar que nos sitúan no rabo de todo o Estado, con posterioridade a aquela sazón xurdiron novas situacións graves no sector cárnico por mor da síndrome das “vacas tolas”, no sector pesqueiro tocantes ó banco sahariano e mais á pesca en augas comunitarias, nos cidadáns das innúmeras bisbarras damnificados polas inundacións —enchentes non imputables, por suposto, á Xunta de Galicia— ou por cortes de enerxía eléctrica en plena transición do segundo ó terceiro milenio (d.C.) —imputables, estes si, á incuria dunha Xunta que leva un decenio a transferir anualmente milleiros de millóns dos orzamentos públicos para plans Mega e de electrificación rural sen controlar en absoluto a aplicación deses fondos ó seu destino. En calquera país poden xurdir inopinadamente situacións de emerxencia. Algunhas non xurdirían se a actuación de goberno tivese sido previsor para impedilas ou estar en condicións de facerlles fronte con eficacia. Outras resulta inevitable que xurdan, mais a capacidade do Goberno mídese na súa capacidade de resposta fronte a esas situacións para paliar-las seus efectos e resarcir-las cidadáns. Galicia, coa actual Xunta e o seu presidente, é decididamente diferente, literalmente insólita. Aquí, as situacións creadas polos novos problemas supetamente xurdidos nestes últimos tempos puxeron de manifesto a inexistencia dun Goberno merecente de tal nome: parálise absoluta da Xunta, incompetencia das consellerías implicadas, caos nas diversas ponlas da Administración autonómica encerelladas en actuacións contradictorias, colisionantes entre si e mesmo incursas na ilegalidade, transgresoras das normas legais establecidas que o poder lles impón ós cidadáns e non os escusa do seu cumprimento en ningún caso: se é a Xunta a que as transgride, o presidente afirma que non pode aterse a normas legais que considera incumpribles —mais que ou emanaron da propia maioría absoluta que posúe no Parlamento ou non se ocupou de incoar a tempo a súa reforma ou modificación. Mentres só sexan os cidadáns os que teñen obriga de cumprilas, aínda que non poidan, iso non preocupa ó actual presidente. Cando é á Xunta á que lle toca cumprilas, sae do paso transgredíndoas e o seu presidente declara paladinamente que o fai porque non podía cumprilas. E esta conduc-

ta exemplar acontece nun Estado de dereito. Un presidente de Goberno que se sitúa fóra da lei por propia iniciativa, ¿como non vai ser merecente dunha moción de censura dun Parlamento democrático?

A todo isto, o grupo do Goberno no Parlamento de Galicia veta as comparecencias da Xunta solicitadas por nós e os demais grupos da oposición para informar esta Cámara verbo das situacións creadas por esas diversas emerxencias, das súas actuacións ó respecto, ou tan sequera das súas opinións ou avaliacións sobre eses feitos —como se a opinión dos cidadáns que representamos fose por principio irrelevante. As ofertas de colaboración e peticións de diálogo por parte do BNG e do seu grupo parlamentario son desprezadas ou desatendidas, cando non contestadas con acusacións de sérmo-los culpables dos desastres —como no Umia; ¿tal vez tamén en Cecebre? Ante a crise do sector cárnico pola síndrome das “vacas tolas”, mentres os que non temos responsabilidades de goberno convocamos e reunímonos con amplas representacións do sector para escoitalo e elaborarmos conxuntamente propostas de liñas de actuación asisadas, a Xunta mantén unha rotunda e desprezativa incomunicación con ese sector que o Goberno ten a obriga de defender e mais co común dos cidadáns que teñen dereito á información e garantías para a súa saúde como consumidores. É máis: acúsasenos, ós que non témo-lo poder no Goberno, de crearmos “alarma social” se tentamos tratar e aborda-los problemas cos afectados, mentres é a Xunta a que realmente xera unha auténtica alarma na cidadanía, ademais de indefensión e impotencia, por ocultamento de información, parálise ou ineptia e desbaraxuste nas súas actuacións. Esa pauta de actitude e comportamento combinadamente soberbio e autista é a que rexe a actuación da Xunta e do seu presidente respecto da cidadanía no seu conxunto ante as situacións e os problemas xurdidos nos últimos tempos a que estamos a referirnos. ¿Cabe outro cualificativo para esa actitude e ese comportamento que o de rotundamente censurable? E sendo así, ¿cabe outro comportamento responsable e leal cos cidadáns no seu conxunto, e non só cos electores dos deputados e deputadas asinantes, que o de formular mesmamente unha moción de censura ó presidente da Xunta e mais á Xunta que el preside?

O noso portavoz ten dito en máis dunha ocasión que o máis grave de todo o incualificable comporta-

mento político do actual presidente da Xunta consistía no destrago da dignidade institucional que corresponde a esta Comunidade Autónoma, ó Parlamento e mais á Xunta de Galicia, e, en suma, á cidadanía galega que esas institucións teñen que representar e servir; un destrago ocasionado por ese comportamento do referido presidente, pola concepción que ten e o uso que fai do poder que posúe —despótico respecto dos cidadáns galegos e os seus representantes, e servil respecto do Goberno e o poder do Estado. Isto é o que conduciu a converter-la Xunta, por unha banda, nun apéndice do actual Goberno central, subvertendo a posición e a función políticas da Autonomía galega dentro da orde constitucional vixente, e, por outra banda, nunha lousa que esmaga e afoga as enerxías cívicas e a dinámica social da cidadanía galega. É unha concepción e é un comportamento que constitúen a antítese do que nós, como deputados e deputadas, do que os cidadáns que nos votaron e do que a organización á que nos honramos en pertencer, o BNG, postulamos e practicamos como principios éticos e democráticos para a rexeneración política do noso país e o progreso da cidadanía galega: o exercicio da dignidade, a restauración da democracia e a conquista do benestar.

Por tódalas razóns ata aquí expostas, os deputados e as deputadas abaixo asinantes, todos eles membros do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), tendo en conta o disposto nos artigos

10.1.e), 15.4 e 17 do Estatuto de autonomía de Galicia e nos artigos 45 e 46 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e mais ó abeiro do disposto nos artigos 137 e 138 do Regulamento da Cámara, solicitan que o Parlamento de Galicia esixa a responsabilidade política da Xunta, do seu presidente e dos conselleiros que a integran mediante a adopción dunha moción de censura, e nominan a D. Xosé Manuel Beiras Torrado como candidato á presidencia da Xunta, en cumprimento do requisito establecido no artigo 138.1 do devandito Regulamento.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2001

Asdo.: Xosé Manuel Beiras Torrado, Bautista Álvarez Domínguez, María Pilar García Negro, Francisco Trigo Durán, María Olaia Fernández Davila, Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, Alfredo Suárez Canal, Xosé Henrique Rodríguez Peña, Emilio López Pérez, Eduardo Gutiérrez Fernández, Xosé Henrique Tello León, Xosé Díaz Díaz, Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, María Salomé Álvarez Blanco, Rosa Darriba Calviño, Bieito Lobeira Domínguez, Xesús Vega Buxán e Domingos Merino Mejuto

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.1.1 LEIS
 - 1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO
 - 1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.1 PROXECTOS DE LEI
 - 1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 - 1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS
 - 1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS
 - 3.1.2 OBXECCIÓNS
 - 3.1.3 DICTAME DA COMISIÓN
 - 3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.1 PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.2 INFORME DA PONENCIA
 - 3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.5.1 MOCIÓNS
 - 3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS
 - 3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.1.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.6.2.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA
 - 3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS
 - 3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 - 3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTAS DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO
 - 4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO
 - 4.3.1.1 PREGUNTAS URXENTES

- 4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN
 - 4.3.3 PREGUNTAS POR ESCRITO
 - 4.4 RESPÓSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 - 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE Ó GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.3.1 NORMAS RELATIVAS Ó VALEDOR DO POBO
 - 5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.1 NORMAS RELATIVAS Ó CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.1.1 COMPOSICIÓN DO PLENO
 - 7.1.2 COMPOSICIÓN DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.1.3 COMPOSICIÓN DA MESA DO PARLAMENTO
 - 7.1.4 COMPOSICIÓN DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
 - 7.1.5 COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS
 - 7.1.6 COMPOSICIÓN DA MESA DAS COMISIÓNS
 - 7.1.7 COMPOSICIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.2.4 CONTA XERAL DO PARLAMENTO
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.3.1 CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO
 - 7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS
 - 7.3.3 CONVOCATORIAS
 - 7.3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
 - 7.3.4.1 CONVALIDACIÓN DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
 - 7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
 - 7.3.4.4 HABILITACIÓN DE DÍAS HÁBILES
 - 7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
 - 7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
 - 7.3.5 DISOLUCIÓN DO PARLAMENTO
 - 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.3.1 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA
 - 8.3.2 XESTIÓN ECONÓMICA
 - 8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
 - 8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
 - 8.3.5 PUBLICACIÓNS
 - 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 56 16 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727